



Este ano 2012 será, entre outras cosas, o de Celso Emilio Ferreiro. Eso quere dicir que durante estes 365 días asistiremos a diferentes eventos e conmemoracións á súa persoa e obra. A decisión ten sido tomada unánimemente por todo o abanico ideolóxico do parlamento galego. Esta determinación, sen tacha en canto á súa xustiza, trae á miña mente o escrito por Rafael Chirbes acerca da figura de Max Aub, da que todos os partidos políticos pretendían apropiarse.

É certo que o poeta percorreu case todos os camiños posibles, politicamente falando, dentro da esquerda daquel entón, destacando a súa participación na creación xunto a outros intelectuais da Unión do Povo Galego. Nos derradeiros anos da súa vida acabou por ter un oco no Partido Socialista galego.

O pasado 4 de xaneiro cumpríuse o centenario do seu nacemento na localidade ourensana de Celanova, lugar no que tamén naceu outro insigne poeta, Curros Enríquez, do que Ferreiro ten sido catalogado como herdeiro e do que chegou a escribir unha biografía na súa xuventude. En ambos hai un espírito combativo, o primeiro foi condenado a finais do século XIX polos seus ataques á relixión, e unha forte defensa de Galicia nos seus escritos.



Ao igual que outros tantos mozos da época, moi ao seu pesar (cando estala a guerra civil ten pouco máis de 20 anos), vése alistado no bando franquista, de feito por esa época formaba parte das Mocidades Galeguistas. Nsos momentos, 1936, publica o seu primeiro poemario "Cartafol de poesía" ("Carpeta de poesía"). Como sucede nos inicios de moitos escritores está imbuido polas vangardas e máis centrado no interese estético.

No seu posterior libro "O sono sulagado" ("El sueño sumergido", 1954) editado nada máis e nada menos que case 20 anos despois do seu debut debido en parte a un "retiro" persoal e á adicación a outros traballos, atíbbase xa con decisión a voz persoal que irá construíndo Celso Ferreiro. Todavía coa resaca do seu "esteticismo", éste se mistura cos aires de trovador, a súa conciencia humanista e un posicionamento social claro. Así aparecen versos nos que se fan patentes esos diversos tons, "Celso Emilio me chaman pero teño / outros nomes máis severos apuntados nun rexistro de ventos polifónicos" ou "Antigas torres en líquenes douradas, o surtidor, as rúas silandeiras", e a súa xa palpable militancia, "Eu canto aos emigrantes que non queren ser toupos fouzando día tras día".

"Longa noite de pedra" ("Larga noche de piedra", 1962), en clara referencia á oscura época que se vive en Galicia e no resto do Estado, é a obra esencial do poeta e onde se afirman anteriores rasgos aparecendo tamén o seu habitual existencialismo. Versos que serven como crónica perfecta do ambiente deses anos. Non faltan dardos envelenados cara á burguesía como o poema "Goethe" e a reivindicación nacional e social demostrada nos versos "Lingua proletaria do meu pobo, eu fáloa porque si porque me gusta. porque me peta". Un poemario en definitiva cheo de angustia, vital e social, expresado cun lirismo sobrio pero impactante.

Por esos anos emigra a Venezuela, onde segue traballando por Galicia. Este feito, e as dificultades que atopa para facelo con dinamismo, xunto á natural "morriña" fan que a experiencia non sexa nada agradable. Como consecuencia



dese entorno escribe o polémico "Viaxe ao país dos ananos" ("Viaje al país de los enanos"). Nel fala con desdén e cun ton satírico agre moi evidente dos emigrantes e á súa nula intención de loitar.

Esa ironía fará acto de aparición en posteriores traballos, como sucede en "Cantigas de escarnio e maldicir", obvio vendo o seu título e todavía máis ao ler poemas tan rotundos como "Lendo certo período menstrual". No seu posterior libro, "Terra de ningures" sen embargo, opta por unha poesía máis centrada na paisaxe entremezclada co sentimento de exilio ("Falamos de ti, dámosche un nome / pero ninguén escoita / o teu cantar profundo").

"Antipoemas" e "Cimiterio privado" ("Cementerio privado") volven a recuperar o ton máis incisivo. No primeiro utiliza unha forma máis prosaica para construír os seus poemas mentres que no outro sen embargo son, por norma xeral, poemas curtos, a xeito de breves reflexións, cunha intención social clara e cun tono satírico en ocasións. "Onde o mundo se chama Celanova" recupera un ambiente nostáxico rememorando a súa infancia e a súa terra en contraposición co paso do tempo. No seu derradeiro poemario "O libro dos Homenaxes", que realiza pouco antes da súa morte, intúese xa un claro ton crepuscular e está adicado a persoaxes que influíron na súa vida.

É indudable que Celso Ferreiro practicou a chamada poesía social, pero as súas creacións, ao contrario que sucede con outros escritores, non se circunscriben a un momento determinado, a calidade con que practicou este xénero as convirten en atemporales. No seu caso ademais, non tan habitual en autores das súas características, o seu nome ten sido sempre admirado e respetado, principalmente en Galicia. Neste "o seu ano" hai unha nova oportunidade para que a súa voz resone por todos os rincóns e a súa mensaxe, o que transmite os seus versos, cobre máis forza aínda.

O amargo pouso dos versos: historia dun libro polémico


Por Xan Fraga

A publicación de «Viaxe ao país dos ananos» enfrontou a Celso Emilio Ferreiro cos emigrantes e foi o detonante dunha controversia que marcou ao escritor durante moitos anos

Longa noite de pedra e Viaxe ao país dos ananos, ademais de ser os títulos de dous libros de versos de Celso Emilio Ferreiro, son dúas expresións que fixeron fortuna. A primeira, como símbolo da silenciosa resistencia nun país carente de liberdades; a segunda, a crítica a quen reducen a un ananismo as conviccións morais e ideolóxicas.

Pero se o primeiro dos títulos gañou amigos e simpatías para o seu autor, o segundo tivo consecuencias contrarias. Política e conflitos persoais rodearon de controversia a publicación en 1968 de Viaxe ao país dos ananos. Aquele ano Xesús Alonso Montero traduciu e preparou unha edición bilingüe que se publicou en El Bardo. O investigador e amigo de Celso Emilio cre que ao poeta «fóiselle un pouco a man» co libro. «El consideraba ananos moralmente a moitos galegos residentes en Caracas. O problema é que moita xente, aínda sendo dereitista de ideoloxía, non merecía aquilo». Celso Emilio, por tanto, pecou dun exceso de idealismo. «Pensaba que en Caracas os galegos ían vibrar co seu antifranquismo, coa bandeira galega, e non era así», explica Alonso, quen lembra que a mesma situación dábase tamén en Galicia.

Aquele poemario enfrontou a Celso Emilio coa directiva da Hermandad Gallega, da que el formou parte dentro dunha candidatura de esquerdas e galeguista. «Cando tomou o mando outra xente máis relacionada coa embaixada, co franquismo, comezaron a facerlle a vida imposible», lembra.






Pero os problemas non chegaron só dos sectores reaccionarios. Luís Seoane sentiuse ferido polo longo poema, do que deixou constancia en varias cartas.

O poeta Ramiro Fonte coincide con Alonso Montero en que Viaxe ao país dos ananos xurdiu dunha visión demasiado inxenua da emigración. «Tamén era miseria e non só compromiso», di Fonte, quen cre que hai que ver o libro como unha obra máis complexa, na que tamén hai versos de carácter intimista e no que o autor reformulaba cuestións anteriores na súa obra. «Xa Rosalía contara o dura que era a emigración. Pero no caso de Celso Emilio levaba un sarcasmo que era marca da casa», explica Fonte.

Xosé Neira Vilas opina tamén sobre o celebrado e polemizado libro de Celso Emilio Ferreiro. "Falei con él desto en Madrid un día -di-. Sen poñer en dúbida a Celso Emilio, eu consideraba esquemático este tratamento porque ananos houbo sempre, os había e hai aquí en Galicia, como en todas partes, non fai falta cruzar o mar, pero os enanos que dende aquí o cruzaron o seguiron sendo alá. Seoane polemizou con Celso por iso, pero non poñendo en dúbida o nivel literario deste poeta que este ano homenaxeamos senon polo risco de que se confundira a parte á que se refería co todo, de que se xeneralizase a toda a emigración cando hai que defender ese mundo que sufríu tanto e tanto fixo por Galicia".

Lido anos despois, é posible superar a coxuntura na que naceu a polémica obra, tal e como se avogou na homenaxe de Caracas. Pero, excesos aparte, a mensaxe global contra as eivas morais que Celso Emilio denominou «ananismo» non perderon vivencia.

“O soño sulagado”



“O soño sulagado” foi creado no clima da posguerra, no cal o galeguismo cultural e político unicamente resistiu en pequenos núcleos clandestinos. Na década dos 50, o réxime franquista consolídase ao abeiro do reparto de poder dos bloques e o horizonte dunha loita política galeguista semella esmorecer. Isto provoca que o movemento galeguista se desprace cara posicións netamente culturais, dando lugar, por exemplo, á fundación da Editorial Galaxia no 1950.

É este un período de pesimismo, de fondo existencialismo e dun intenso malestar social e cultural. Porén, a poesía galega de posguerra continúa as direccións menos conflictivas da poesía galega de preguerra. O neotrobadorismo de Álvaro Cunqueiro e a lírica da paisaxe de Noriega Varela e Iglesia Alvariño dominan o panorama poético da época. Mención á parte merece a produción de Luís Pimentel, situado entre o intimismo existencial e o simbolismo. Pero é Celso Emilio o único poeta que define neste contexto unha poética social ou comprometida, sendo O soño sulagado o seu verdadeiro punto de partida.

Segundo afirma Xesús Alonso Montero, en O soño sulagado xa están presentes os contidos esenciais da poesía de Ferreiro: o intimismo, a crítica social e a sátira. A amargura pola perda do soño, o asolagamento do soño é o fío transversal que abrangue estes contidos. Ese soño é o idealismo, a utopía que se percibe irrealizable, tanto no plano sociopolítico, como potencia liberadora do ser humano, coma no plano íntimo ou existencial, metáfora da infancia perdida e do paso do tempo sen futuro.

Ramiro Fonte salienta os seguintes núcleos temáticos na obra:

- A perda do idealismo. Como xa se comentou, ese idealismo é o soño e a súa perda simbolízase mediante o seu asolagamento.
- A dor existencial. Relaciónase cun presente menesteroso e con ese paso do tempo sen futuro.



Tertulias Literarias

- A infancia como paraíso perdido. Estreitamente vencellada aos temas anteriores, tamén lle evoca ao autor a lembranza dos primeiros temores e, sobre todo, o sentimento da terra, vencello coa paisaxe primordial que concilia ao home coa natureza e que esperta a lembranza dun pasado feliz.
- A memoria da guerra. Aparece como telón de fondo que explica a razón dun tempo magoado.
- O antibelicismo prolóngase ao presente histórico, con críticas á Guerra fría, ás veces botando man dun sarcasmo indisimulado como na composición Poema nuclear.
- A denuncia dun presente histórico. Un presente opresivo que dificulta as posibilidades dun futuro mellor. Encádrase aquí a denuncia da emigración.
- O amor. Manifestado sempre en clave apelativa e confidencial e no que o suxeito dese amor (a súa muller, Moraima) é un ti ao que o poeta lle confesa a súa fe de vida, un ti cómplice.

A unidade estrutural conséguese mediante o emprego constante dun tipo de metros, especialmente o hendecasílabo e o heptasílabo. Utiliza unha ordenación por estrofas, non renegando aínda da linguaxe poética tradicional, característica que o definirá en obras posteriores, agás nalgúns casos.

As figuras literarias máis frecuentes son os paralelismos e as anáforas, xunto coas aliteracións e as onomatopeas, as máis das veces cun matiz irónico. A construción dos poemas seguindo a liña do prosaísmo crítico é frecuente sobre todo naqueles poemas con intención máis satírica. Por outra parte, a riqueza das imaxes simbólicas é un trazo constante na produción do celanovés que o achega á Xeración do 27 ou ao hilozoísmo galego.

Símbolo de una tierra



Celso Emilio Ferreiro, pese a ser poeta y escribir en una lengua desfavorecida, es un escritor de amplia audiencia, y no sólo en Galicia. Ello, como todo, tiene que tener una explicación. Su libro *Longa noite de pedra*, de 1962, ha sido reeditado, antologizado, citado, recitado, cantado, reseñado y comentado tantas veces que constituye un verdadero acontecimiento en el ámbito de la literatura gallega. La poesía en gallego no conocía un éxito igual desde 1880, fecha en que Curros Enríquez publica *Aires da miña terra*, un libro, también, de combate, que se benefició en su día de la «excomuniión» del obispo orensano.

Manuel Curros Enríquez y Celso Emilio Ferreiro: he aquí dos nombres que nos invitan a centrar el tema. Curros Enríquez, uno de los grandes poetas de la Europa del siglo XIX, nació en Celanova (provincia de Orense), en 1851, y murió, como tantos trabajadores gallegos, en la emigración (La Habana, 1908). Cuatro años después, en 1912, nace, también en Celanova, Celso Emilio Ferreiro. Como Curros, padeció la mordedura del exilio interior y, como él, emigró, cuando ya no era joven, a América. Vive y pelea en Caracas desde 1966 hasta 1973. En vísperas de su marcha

hay un centenario de amigos y de lectores solidarios (en su mayoría intelectuales y estudiantes), le tributan un clamoroso homenaje en el que Celso Emilio fue texto y pretexto para enarbolar la primera protesta en grande contra el entramado político-económico del franquismo. Quien consulte la prensa de esos días del mes de mayo percibirá lo que hay de alegato antifranquista en las intervenciones del homenaje, (Otero Pedrayo, Blanco Amor, Alonso Montero, Méndez Ferrín, Lois Soto, Albino Núñez, Emilio Álvarez Blázquez ...). Los alegatos se inscriben en la protesta que entonces se iniciaba contra el embalse de Castrelo de Miño, contra FENOSA, contra el proceder del capital... En favor, por tanto, de los campesinos expropiados, de los campesinos, una vez más, ultrajados. Las páginas del poeta fueron texto y pretexto de este grandioso acto.

Celso Emilio se consideraba poeta beligerante, lo que, en principio, no le favorece. Fue, en efecto, muchas veces un poeta civil, pero poeta, es decir, utilizador de palabras auténticas (no manipuladas ni disminuidas), que iban derechas al corazón de un destinatario llamado hombre. Atento a las heridas del entorno, de la comunidad, sus poemas más



Tertulias Literarias

civiles son aquellos en que detecta la herida que en su intimidad originan las heridas ajenas. Hay cuatro versos suyos que exponen, poéticamente, su poética:

«Chove, chove/na casa do pobre/e no meu corazón/tamén chove.»

Cuando Celso Emilio Ferreiro publica su primer gran libro, *Longa noite de pedra* (1962), acaba de cumplir cincuenta años. La poesía justiciera y de denuncia en nuestra lengua,- en la Galicia de posguerra, la inicia un viejo, quien, hace años, ejercerá un fascinante magisterio. Cuando en 1968, en la efervescencia política del 68 compostelano, surge el grupo de cantantes Voces Ceides (Voces Libres), jóvenes cantantes que entienden el canto como arma cargada de futuro, los poemas de *Longa noite de pedra* serán los textos más cantados, más reclamados, más proclamados.

Su primer libro importante, *O sono sulagado* (El sueño sumergido), de 1955, prelude claramente todo esto. En ese año, el poeta se define, para una antología consultada, en estos términos: «Hay que retorcerle el pescuezo al ruiseñor del lirismo lacrimógeno, saudoso, viejo estilo.» El grito, el ademán crítico y el gesto solidario valen si el poeta escribe en poeta. ¿A qué se debe, pues, que, aun fuera de las fronteras de su lengua, Celso Emilio Ferreiro tuviese a partir de 1968 una incidencia y unas adhesiones no alcanzadas por nombres como Blas de Otero o Gabriel Celaya? Estos dos poetas escriben contra la menesterosidad de los tiempos desde la grandeza y la barbarie de la gran urbe y de la industria; Celso Emilio Ferreiro aporta un mensaje popular con acentos de Tercer Mundo, los acentos que tal vez soñaba Franz Fanon para los poetas de las patrias marginadas y castigadas.

Pero el poeta, gran musa civil, fue algo más, bastante más. Hay en él otros poetas. Hace ocho días me entregó, para que se lo prologase, *O libro dos homenaxes* (El libro de los homenajes). Es un homenaje a escritores (Castelao, Antonio Machado, Carles Riba ...), luchadores (Pablo Iglesias, Che Guevara, Alexandre Bóveda....), amigos (Antón Beiras), tierras, momentos, etcétera. Figura en este libro el soneto, recitado hace pocos días en Madrid, a la muerte de Blas de Otero, su compañero de armas.

Son las cinco de la tarde, las cinco en punto de la tarde, como en el gran poema de García Lorca. Hace diecisiete horas que se nos fue Celso Emilio Ferreiro. EL PAIS me exige ya estas precipitadas cuartillas. Yo no sé ni a qué saben las palabras, las estupendas palabras, que el poeta nos deja.

Fontes:

<http://celsoemilioferreiro.org/>

<http://www.lavozdeg Galicia.es/hemeroteca/2004/10/16/3119125.shtml>

<http://www.farodevigo.es/sociedad-cultura/2012/02/06/sangria-inmenso-galicia-debe-emigracion/621185.html>

<http://www.tercerainformacion.es/spip.php?article32710>

http://gl.wikipedia.org/wiki/O_sono_sulagado

Biblioteca Central Rialeda
Avenida Rosalía de Castro 227 A
15172 – Perillo (Oleiros)
Tfno.: 981 639 511
Fax: 981 639 996
Email: biblioteca.rialeda@oleiros.org
Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>

GRUPO B